

ACTA DE CONCESIÓN DA XVI EDICIÓN HOMENAXE
"A ESCRITORA NA SÚA TERRA". MARILAR ALEIXANDRE.

O sábado 23 de xaneiro de 2010 reúnese ás 11.00 horas, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que sería homenaxeado este ano na súa terra, no marco dunha iniciativa fixa e anual que, ao longo dos últimos quince anos, se ten instituído na traxectoria da AELG como unha alternativa á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade que persegue o recoñecemento e a posta en valor dunha figura clave do noso sistema literario contemporáneo a partir do contacto directo con esta. É vontade da AELG honrar os nosos escritores e as nosas escritoras en galego vivos, procurando, portanto, implicar a figura homenaxeada na propia xornada de celebración nun convivio humano e literario pleno e onde o territorio propio se converte en copartícipe nesta vocación de honrar o escritor ou escritora de seu.

Para esta edición de marcada simboloxía popular, o Presidente da AELG, D. Cesáreo Sánchez Iglesias, presenta perante os asistentes á asemblea como única candidatura o nome da escritora Marilar Aleixandre, autora de extensa e polifacética obra literaria, poesía, narrativa, ensaio e tradución, fértil resultado de máis de 20 anos de produción ininterrompida e de compromiso vital e literario coa lingua galega, sempre entregado ao proceso de recuperación das palabras e ao enriquecemento e superación das liñas temáticas tradicionais desde a súa pluma vocacionalmente restituidora.

A Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XVI Edición Homenaxe "A escritora na súa terra" á escritora Marilar Aleixandre. Así mesmo, esta asemblea acordou nomeala Socia de Honra da AELG en convivio de irmandade con aqueloutras figuras senlleiras e insignes da historiografía literaria galega que a precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor e Agustín Fernández Paz.

Como Secretaria Xeral da AELG dou fe co visto e prace do Presidente.

Mercedes Queixas Zas